



# BOLETÍN INFORMATIVO



*Con entusiasmo para  
aprender cada día.*

## Saúdo

Un saúdo para as familias ao tempo que lles ofrecemos unha información importante para o presente curso escolar 2014-2015.

Convencidos de que a Educación é unha labor compartida entre familia e escola queremos transmitir o noso desexo de colaboración e diálogo para acadar obxectivos e solventar os atrancos que puideran xurdir.

Queremos preparar ao noso alumnado para ser cidadáns capaces, asumindo que o estudo require esforzo e dedicación.

Esperamos compartir un proveitoso curso escolar. Benvidos todos!

*Equipo Directivo e Claustro de Profesores.*

---

**CEIP PLURILINGÜE SOBREIRA-VALADARES. ENSINO de CALIDADE  
ENSINO PÚBLICO DE TODOS E PARA TODOS.**

---

## NORMAS DE FUNCIONAMENTO

- Para evitar situacións de perigo é necesario acceder ao Centro polo acceso peonil. O acceso con vehículos está restrinxido. Recordamos a necesidade de deixar libre o espazo reservado para o autobús escolar.
- Nas entradas e saídas, o alumnado permanecerá no patio cuberto agás o alumnado de Educación Infantil que agardará na entrada principal. Ás 9:00 abrírase o Centro e haberá unha quenda de mestras de garda, polo que rogamos que os pais/titores non accedan ao patio de Primaria.
- Ás 9:30h pecharase o portón por razóns de seguridade.
- É obrigatoria a asistencia e puntualidade. As faltas notificaranse e xustificaranse aos titores/-as por medio da axenda escolar ou notas informativas.
- O alumnado que teña que saír antes do horario lectivo, informará na zona administrativa do centro e cubrirá o rexistro da saída.
- Todo o alumnado debe presentar un teléfono de contacto actualizado e operativo para poder comunicarnos no caso de emerxencia sanitaria ou imprevisto.
- Durante as saídas extraescolares (que son actividade regradas do colexio) o alumnado está baixo a tutela do profesorado, debendo respectar e obedecer as instrucións dadas polo profesorado en todo momento.
- Rogamos que os pais/titores non accedan ás aulas en horario lectivo.
- Para entrevistas cos titores, martes de 17:45 a 18:45 previa cita. O profesorado atenderá ás familias neste horario xa que antes participa en diversas reunións de programación e dinamización.
- Se o seu fillo/-a comenta algún problema relacionado co Centro, cos compañeiros, co profesorado... o primeiro contacto é a titora e, se fose necesario, o Equipo Directivo tentará de mediar para resolver calquer contratempo.
- Os pais/titores legais, deben devolver os informes e boletíns de notas asinados.
- No caso de padecer algunha alerxia ou necesidade dalgún tipo de atención médica específica debe comunicalo á titora, entregar a certificación médica que o acredite en Secretaría e, de ser o caso, inscribilo no programa de Alerta Escolar Médica.
- É aconsellable marcar a roupa e pertenzas. As prendas extraviadas estarán no corredor da ANPA.
- Non está permitido traer obxectos innecesarios (máquinas de xogos, obxectos de valor, teléfonos móbiles...) ou perigosos. O Centro non se fai cargo do seu estravío ou estragos.

## NORMAS DE CONVIVENCIA

- Tratar con respecto a todos os integrantes da comunidade educativa, utilizando un vocabulario axeitado.
- Seguir e cumprir as orientacións do profesorado no exercicio das súas funcións. Os pais/titores deben compartir información, dialogar cos seus fillos, animalos e axudalos.
- O alumnado do Centro ten o dereito e a obriga, de aprender e deixar que os demais aprendan.
- Respectar, coidar e utilizar correctamente o material, libros de texto e instalacións do Centro que é de todos.
- Respectar a orde nas entradas e saídas, non correr nin empurrar aos compañeiros/-as polas escaleiras.
- Respectar as normas establecidas na clase.
- Respectar e contribuír á limpeza xeral do centro non arroxando papeis ou calquera outro elemento nos corredores, patios, baños...

## XORNADA ESCOLAR

- As actividades lectivas desenvólvense de luns a venres, durante cinco horas diarias, en sesión continuada.
- Setembro a Xuño: 9:15h a 14:15h.
- Recreo: E.Infantil e E.Primaria, de 11:45 a 12:15 h.
- Quendas de permanencia do profesorado polas tardes: 16:15h a 18:15h

1ª SESIÓN	9:15 á 10:05
2ª SESIÓN	10:05 á 10:55
3ª SESIÓN	10:55 á 11:45
RECREO	11:45 á 12:15
Sesión lectura	12:15 á 12:35
4ª SESIÓN	12:35 á 13:25
5ª SESIÓN	13:25 á 14:15

## CALENDARIO ESCOLAR 2014-2015

As clases comezan o día 10 de setembro de 2014 e rematarán o 19 de xuño de 2015, ambos os dous inclusive.

## PERÍODOS NON LECTIVOS

- Día do ensino: 31 de outubro de 2014
- Nadal: dende o día 22 de decembro de 2014 ata o 7 de xaneiro de 2015, ambos os dous inclusive.
- Entroido: días 16,17 e 18 de febreiro de 2015.
- Semana Santa: dende o día 30 de marzo ata o 4 de abril de 2015, ambos os dous inclusive.
- Proposta: 3 de novembro de 2014 e 4 de maio de 2015

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Realízanse en horario lectivo (visitas culturais, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións...). Están aprobadas polo Consello Escolar ao comezo de curso, na Programación Anual do Centro.

- Entregarémoslles un impreso de AUTORIZACIÓN XERAL para saídas que deberán remitir ao Centro. En cada saída recibirán unha nota informativa.
- Entregarémoslles un impreso de SOLICITUDE DE PERMISO PARA UTILIZAR A IMAXE que deberán remitir ao Centro, xa que é preciso ter asinada autorización dos pais/titores para que poidamos publicar as súas imaxes na web do colexio, na revista escolar, xornais ou noutras publicacións con fins pedagóxicos.

## HORARIO DE SECRETARÍA E DIRECCIÓN

- Todos os días de 9:15 a 10:00h.
- Martes de 17:45 a 18,45h.
- Outro día, previa cita.

## HORARIO DO DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN

- Solicitar cita coa orientadora.

## HORARIO DE TITORÍAS

Os martes de 17:45 a 18:45h. É fundamental concertar a cita coa mestra. Estas citas, en caso de necesidade, poderán establecerse noutros días de permanencia do mestre no centro, previo acordo mútuo.

## CLAUSTRO DE MESTRAS/-ES

<b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>	3 anos M <sup>a</sup> DOLORES PUGA PORTABALES 4 anos CONCEPCIÓN MARTÍNEZ MARTÍ 5 anos LORENA ESTÉVEZ ÁLVAREZ Mestra infantil: ANA FERNÁNDEZ BENÍTEZ
<b>1º CICLO DE PRIMARIA.</b>	1º MÓNICA RODRIGUEZ CES 2º TERESA PAHÍNO DOMÍNGUEZ
<b>2º CICLO DE PRIMARIA.</b>	3º PILAR RODRÍGUEZ ALONSO 4º LORENA FERNÁNDEZ OTERO
<b>3º CICLO DE PRIMARIA.</b>	5º JUAN IGLESIAS FERRÓN 6º MERCEDES COSTELA SOBRINO
<b>MESTRES/-as ESPECIALISTAS</b>	<b>Educ. Física:</b> Teresa Pahíno Domínguez <b>Educ. Musical:</b> Mariana Covelo Figueiredo <b>Inglés:</b> Itziar Arenas Villarroel María Sendón Lestón Juan Iglesias Ferrón <b>Pedag. Terapéutica:</b> Caridad Senra Gómez <b>Audición e Linguaxe:</b> Rosa Ana Vila da Vila <b>Relixión:</b> M <sup>a</sup> Victoria Castro Vela Beatriz Pérez Montero
<b>Orientadora</b>	M <sup>a</sup> Isabel Juan Yenes
<b>EQUIPO DIRECTIVO</b>	<b>Directora:</b> Mercedes Costela Sobrino <b>Secretaria:</b> Caridad Senra Gómez <b>Xefa de Estudos:</b> Mariana Covelo Figueiredo

## PERSOAL NON DOCENTE

<b>PORTEIRA/VIXIANTE</b>	Palmira Signo Martínez
<b>COIDADORA</b>	M <sup>a</sup> Jesús Fernández Pereira
<b>PERSOAL LIMPEZA</b>	Persoal da empresa Linorsa. (M <sup>a</sup> Carmen, Fé e Irene)
<b>COIDADORAS COMEDOR</b>	Persoal empresa Serunión (Ana, Pepi e Ánxela)

## PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

As dúas etapas educativas que se desenvolven no colexio (Ed. Infantil e Primaria) deben dotar ao alumnado de competencias básicas que lles capaciten para acadar os obxectivos e acceder ás etapas educativas posteriores.

Todo o alumnado ten dereito a que se garanta o principio de igualdade educativa independentemente da súa procedencia familiar, economía, grupo social ou necesidades educativas específicas. Traballamos polo desenvolvemento integral das competencias persoais. Para acadar os obxectivos de formar ao alumnado no espírito crítico, desenvolver as capacidades de razoamento, ser quen de elaborar un criterio propio no ámbito e idade que lle corresponda, así como, expresar a súa afectividade e creatividade. Facilitaremos as pautas que abran a súa personalidade á contorna da que procede, fomentando os compromisos coa colectividade á que pertence.

Poñemos os recursos persoais e materiais precisos coa finalidade de acadar tanto o desenvolvemento da personalidade do individuo, como a adquisición dos contidos. Tentando, en toda a súa escolaridade, respectar o equilibrio entre os dous obxectivos.

Para traballar pola innovación educativa e dar respostas axeitadas á evolución tecnolóxica, xestionamos os recursos económicos e persoais participando nos plans do Concello e da Xunta: Plurilingüismo, Seccións bilingües, Camiña con Nós pola Igualdade, Impórtanos...

O camiño cara a aprendizaxe require un esforzo do que debemos concienciar ao alumnado dende a escola e familia. Aos medios e recursos debe sumárselle o esforzo individual.

O Centro defínese como aconfesional, respectuoso coas posturas agnósticas e coas diferentes manifestacións e crenzas relixiosas. Na lexislación vixente ofertamos relixión católica e as familias poden optar por Atención Educativa/Educación en Valores. Traballaremos na defensa do medio natural como patrimonio e pola convivencia en Paz.

## SERVIZO DE COMEDOR

O servizo de comedor está xestionado pola ANPA en colaboración con FOANPAS e coa tutela do Centro, na modalidade de “catering” pola empresa SERUNIÓN. Para ser usuario de comedor debe cumprir os seguintes requisitos:

- 1- Ser socio da ANPA
- 2- Ter pagado o Seguro de Accidentes
- 3- Non ter débedas coa Asociación

- Modalidade: **Fixos** (baremo mensual)

- 5 días semanais....56 €/mes
- 4 días semanais ...46 €/mes
- 3 días semanais ... 35 €/mes
- 2 días semanais ... 25 €/mes
- 1 día semanal .....15 €/mes

- Modalidade: **Esporádicos**. O prezo neste caso é de 5€/comida

- A persoa da ANPA responsable do servizo de comedor é *Dna. Rocío Blanco Baltar*

- O comedor comenzará o día 10 de setembro e o seu horario será de 14:15h. a 16:15h.
- A recollida do alumnado de comedor debe facerse con puntualidade, antes das 16:15h, xa que as coidadoras rematan o seu horario de traballo.
- Os usuarios do comedor que vaian sós para casa teñen que traer unha autorización asinada polos seus pais ou titores.
- O número de teléfono do comedor para avisar dalgún problema ou posible retraso é o do Centro: 986 46 81 89
- Todos/as os/as usuarios/as que non asistan ao comedor teñen a obriga de comunicar ao colexio, antes das 9:30 h, a ausencia ese día. De non facelo, poden perder a axuda do Concello e da Xunta. Os/as nenos/as bolseiros/as tamén teñen que avisar da súa non asistencia pois o Concello esixe ás ANPAS un parte de faltas.
- Para pedir un cambio no menú por motivos circunstanciais de saúde hai que chamar ao colexio antes das 9:30 h. En caso de alerxias con réxime especial deberán aportar un informe médico e unha autorización en conforme pode asistir ao comedor escolar.
- O pago dos recibos do comedor farase por adiantado nos 10 primeiros días do mes. No caso de non facelo o/a neno/a non poderá seguir asistindo ao comedor.

[anpasobreira1@gmail.com](mailto:anpasobreira1@gmail.com)

644309766

**IMPORTANTE :**

EXISTE UN REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR QUE SERÁ ENTREGADO AOS USUARIOS DO COMEDOR OU OS/AS PAIS/NAIS QUE ESTÁN INTERESADOS EN FACER USO DESTE SERVICIO COMPLEMENTARIO NO FUTURO.


## SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

- TRANSPORTE ESCOLAR: Empresas MELYTOUR - ALVAREZ VAZQUEZ
- É un servizo establecido, contratado e pagado pola Consellería de Educación.
- Todos os autobuses levan unha coidadora que é a encargada de atender ao alumnado en ruta.
- Todo o alumnado deberá manter un comportamento axeitado durante a duración do servizo e atender as indicacións da coidadora.
- As rutas de transporte son fixadas pola Inspección de Transporte da Delegación Provincial da Consellería de Educación, co control de funcionamento polo Centro.
- Pregamos a todos os pais/nais que fagan uso do transporte escolar, a que manteñan durante todo o curso este servizo. (O feito de usalo esporádicamente fai que o seu control sexa máis difícil)
- O noso Centro ten tres rutas:
  - 1. Zamáns.
  - 2. Sobreira.
  - 3. Garrida.

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Son as que se lle ofertan ao alumnado fóra do horario escolar. Organizadas e xestionadas pola ANPA coa colaboración do Centro. Unha vez recollidas as solicitudes, publicaranse as que definitivamente se ofertarán neste curso.

- PISCINA
- ARTESANÍA
- XIMNASIA ACROBÁTICA
- INFORMÁTICA
- PATINAXE
- TENIS
- INGLÉS INFANTIL
- ENGLISH THEATRE AND STORYTELLER
- BAILE MODERNO
- REPOSTERÍA
- TAEKWONDO LÚDICO
- CONSTRUCT-TECHNIC
- MULTIACTIVIDADE



Foi remitida pola ANPA unha folla de solicitude das actividades e prezos para socios e non socios.

## OFERTA EDUCATIVA, EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS:

### SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

- TRANSPORTE ESCOLAR
- COMEDOR ESCOLAR

### OFERTA EDUCATIVA:

- LINGUA INGLESA en Educación Infantil e Primaria
- EDUCACIÓN MUSICAL en Educ. Infantil e Primaria
- CENTRO PLURILINGÜE (LINGUA INGLESA).
- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
- PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPEUTICA E AUDICIÓN-LINGUAXE.
- DIVERSIDADE DE TALLERES.
- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DA ANPA.

### INSTALACIÓNS:

- Parcela de 15.000m con campo de fútbol, pista polideportiva, bosque...
- Patio de Educ. Infantil e Educ. Primaria
- Ximnasio dotado de calefacción
- Aula de psicomotricidade para Infantil
- Aula de PT e de AL
- Laboratorio
- Aula de Informática + Internet
- Biblioteca + Internet
- Aula de Plástica e Repostería
- Aula de Música
- 2 aulas de Inglés
- Aula de Usos múltiples

